

## OURENSE

## FORO LA REGIÓN

Miguel Santalices

Presidente do Parlamento de Galicia

# “DEVOLVER TRANSFERENCIAS? CLARAMENTE DIGO QUE NON”

BRAIS IGLESIAS, OURENSE  
local@laregion.net

## PERFIL

## Nome e apelidos

Miguel Ángel Santalices Vieira

## Lugar e ano de nacemento

Bande, 1955

## Cargo

Presidente do Parlamento de Galicia

## Profesión

Médico

...O presidente do Parlamento de Galicia e deputado do PP é un firme defensor da "primeira institución" da comunitade autónoma. En tempos nos que desde algú sector se poñen en dúbida as competencias transferidas ás autonomías, el amosará hoxe no Foro La Región "o papel do Parlamento na sociedade galega", contando a orixe, o funcionamento, os mecanismos participativos... O acto, que comeza ás 20,15 horas na sede Afundación, estará presentado polo presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar.

## Hai que mostrar máis o Parlamento?

Na nosa liña está que non sexa unha institución pechada. O obxectivo é que a sociedad poida participar e para iso temos mecanismos como o "Lexista con nós", para facer aportacións a leis en trámite; a formulación de preguntas ao goberno se a "compra" algú parlamentario ou a presentación de proposicións non de leí ou mesmo iniciativas lexislativas, mediante a recollida de sinaturas.

## Teñen interese nel os galegos?

Algunha iniciativa tense tramitado, logo parece que algo de interese hai. Outro dos apartados que nos permite mostrar a actividade é o programa de portas abertas. Os colexios e a cidadanía están a participar, merece a pena, non só desde o punto de vista da actividade parlamentaria, senón tamén desde o punto de vista do patrimonio.

## Dá a sensación de que o Parlamento é algo descoñecido...

O Parlamento sempre foi descoñecido. A xente confunde Xunta e Parlamento. De aí vén o noso tra-



Miguel Santalices, presidente do Parlamento galego.

MARTÍN PINAL

**"QUEREMOS DARLE VISIBILIDADE Á MAIOR INSTITUCIÓN DE GALICIA", AFIRMA UN "AUTONOMISTA CONVENCIDO" MOI CRÍTICO CO PROXECTO DE PRESUPUESTOS GENERALES**

ballo. Desde a creación da institución, hai 38 anos, non foi recoñecida pola sociedade, o que sorprende. Pero penso que nestes últimos anos empezamos a ser máis visibles. Recibimos premios, como o de Anfaco (asociación de fabricantes de conservas de pescado), o Celanova, Casa dos Poetas ou o Apeca pola difusión do Camiño de Santiago. Pero é verdade que é descoñecido, e estamos loitando, non é unha tarefa fácil, pero é a primeira institución da comunitade e nella elabóranse leis de moito impacto.

Coñecelo máis podería rebaixar

## a desafeción política?

Si. É bo que o Parlamento sexa coñecido, si. Pero tamén queremos saír fóra, temos que esforzarnos en que nos vexan.

## Que tal a relación cos parlamentarios no día a día?

Aquí coñécenos todos. Coñezo os deputados e eles coñécenme a mi. Sei os trucos... Trato de ter unha relación cordial e institucional, sabendo da miña responsabilidade. En liñas xerais, non teño queixa. Os deputados son razoables. Non se teñen visto cousas como as que se presenzan ultimamente no Congreso.

## Moito se ten falado de partidos como VOX e a súa proposta de eliminar autonomías. Que pensa diso?

A VOX en Galicia non lle vexo pistas. Galicia é unha comunitade moi asentada e os galegos teñen bastante claro o que queren. Non aca-

bo de ver ese rexurdir... Os galegos séntense ben co seu goberno e a estabilidade que lles proporciona.

## Eliminaria competencias?

Síntome moi identificado co proceso de transferencias ás comunidades. Sobre todo en Sanidade. Antes, co Insalud, estabamos case abandonados. Agora, con algún problema puntual, temos unhasanidade de moita calidade. Antes era un calvario, non había nin transporte sanitario... Estabamos illados, ningúen pensaba en nós. Devolver transferencias? Claramente, non. Son un autonomista convencido e de corte galeguista. Estou satisfeito co Estatuto e a Constitución.

## Andan os ánimos revoltos co proxecto de Presupuestos e Cataluña. Hai privilexios?

Este proxecto non é un exemplo de equidade entre comunidades. Isto vai traer problemas. Se empezamos con estas diferencias, mal asunto. Merece unha reflexión profunda para non xerar problemas. Penso que hai que corrixilo.

## Cavilando un pouco, á xente dálle un pouco de impresión de que Ourense morre aos poucos...

Sempre se puxo a Ourense como exemplo diso, pero non comparto todo o que se di. Temos un envellecemento grande, pero en torno a iso hai moitas oportunidades, somos os que temos máis desenvolvida a atención aos nosos maiores. E no reparto dos Orzamentos da Xunta, sempre temos o feito diferencial de que Ourense é a provincia na que máis se inviste per cápita. E temos algo moi importante, que é a Deputación. Que sería do mundo rural sen ela? O traballo que se está a facer é importantísimo no ámbito social, infraestruturas... Penso que desde a Xunta se está intentando compensar.

## Queda o AVE. Beneficiarános?

Temos a gran oportunidade do AVE. Ourense ten unha isocrona especial. Temos unha posición privilexiada, especialmente unha comarca como O Ribeiro, que quedará preto de Vigo, Santiago e a dúas horas e media de Madrid. ■

## Adif impulsa la renovación de la línea de tren Ourense-Lugo

REDACCIÓN. OURENSE  
local@laregion.net

...Nuevo paso para la renovación de la línea ferroviaria Lugo-Ourense, que busca dar un empulón a la futura conexión del AVE en este tramo. El Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (Adif) licitó ayer el contrato de suministro y transporte de balasto para remodelar el tramo que une estas dos ciudades a través de Monforte.

Esta actuación de renovación se sumará a las que ya está actualmente en marcha, la supresión de 36 pasos a nivel –entre ellos el del barrio de O Peliquín, en Ourense– y la electrificación del trayecto Monforte-Lugo.

La inversión prevista por Adif para este contrato asciende a 12.465.123,29 euros –pendiente de autorización de la Secretaría de Estado de Infraestructuras– y está distribuida en dos lotes. El primero corresponde al trazado Monforte y Lugo (307.000 tone-

### LICITA EL SUMINISTRO Y TRANSPORTE DE BALASTO PARA ADAPTAR LA LÍNEA A LA FUTURA LLEGADA DEL AVE

ladas) y el segundo a la conexión Ourense-Monforte (202.000).

"Se cumple el compromiso del Ministerio de Fomento y Adif para la mejora del trazado existente entre Ourense y Lugo, y que permitirá llevar los servicios de alta velocidad ferroviaria a la capital lucense", explicaron fuentes de la entidad.

Este proyecto busca "optimizar las condiciones de explotación comercial" del trayecto en parámetros tales como seguridad, confort y tiempos de viaje".

## OTRAS ACTUACIONES

En este momento ya se encuentra adjudicada la redacción de los proyectos de eliminación de 36 pasos a nivel en el tramo Monforte-Ourense, en la que se invertirán 1,8 millones de euros.

También se han adjudicado ya los proyectos de electrificación de los 70 kilómetros del tramo Monforte-Lugo, que permitirán reducir los tiempos de viaje entre Ourense y Lugo, y se encuentra en servicio desde el pasado mes de abril variante de A Pobra de San Xiao, de 7,2 kilómetros, que permite circular trenes a 160 km/h, frente 80-95 km/h de antes. ■